

## DOSSIER

### **SOBRE A VISITA DE *JOSEPH RATZINGER* A COMPOSTELA (GALIZA)**



## A VISITA DE JOSEPH RATZINGER A COMPOSTELA (6 de Novembro 2010)

### ***Antecedentes***

O 1º de Marzo de 2010, o arcebispo católico de Compostela, D. Julián Barrio, viaxa ao Vaticano onde é recibido en audiéncia polo Sr. Ratzinger, Papa da igrexa católica, a quen reitera o convite formulado anteriormente en varias ocasións para que visite a cidade. Integrado no seu séquito viaxa tamén o Sr. Núñez Feijóo, actual Presidente da Xunta de Galiza.

Previamente, por "canle reservado", o Sr. Barrio recebera xa confirmación de que Sr. Ratzinger aceitava vir a Compostela como "peregrino da fé", como "un mais dos millares de peregrinos que visitan a cidade por razóns relixiosas".

Finalizada a audiéncia con o arcebispo, o Sr. Ratzinger recebe na sua biblioteca privada o Sr. Núñez Feijóo, que se soma ao convite indicando que fala, traducimos as suas proprias palabras, "no meu nome próprio, no de todas as forzas políticas e **todos os sectores da sociedade galega, sin excepción algunha**" (énfase no orixinal) Estas afirmacións e a sua viaxe como Presidente da Xunta de Galiza formando parte do séquito arcebispal resultan incompatíbeis con o principio de neutralidade do artigo 16.3 da Constitución Española (CE), que, como declarou o Tribunal Constitucional nas SSTC 24/1982, de 13 de maio, e 340/1993, de 16 de novembro, "veda cualquier tipo de confusión entre funcións relixiosas e estatais" no desenvolvemento das relacións de cooperación do Estado con a Igrexa católica e o resto de confisións; antes ao contrario, serve à garantía da sua separación, "introducindo deste xeito unha ideia de aconfisionalidade ou laicidade positiva" (STC 46/2001, de 15 de Febreiro, FJ 4).

### ***As consecuencias de unha "peregrinaxe da fé"***

Ora ben, a viaxe do Sr. Núñez Feijóo, financiada con o eráio, non é mais do que o prólogo de unha serie de actuacións dos poderes públicos que atentan claramente contra a legalidade democrática.



Os preparativos para receber o Sr. Ratzinger, que viaxa a Compostela, lembremos, "por razóns relixiosas" (unha "peregrinaxe da fé"), veñen acompañados de medidas extraordinarias que limitan mui seriamente, cando non eliminan por completo, direitos fundamentais e liberdades públicas recoñecidos na Carta de Direitos Fundamentais da UE, na Constitución Española (CE) e outras normas do noso ordenamento xurídico.

### ***Abolición de direitos***

En concreto, o Concello de Compostela publica o 7 de Outubro na sección "Avisos" da sua páxina web o chamado *Acordo sobre medidas operativas e de seguridade que se tomarán na zona histórica con motivo da visita do Papa o 6 de novembro*, medidas que afectan directamente no parecer de EsCULcA trés direitos fundamentais: o direito fundamental à libre circulación polo territorio do Reino de España (art. 19 CE), o direito fundamental à produción artística (art. 20.1 CE) e o direito fundamental de reunión (art. 21.2 CE), todos eles en relación con o principio de legalidade do art. 9 CE).

Alén diso, as medidas contempladas no Acordo vulneran tamén o ordenamento específico das Corporacións Locais, concretamente o establecido no art. 18 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Réxime Local, que determina o direito de veciños e veciñas a utilizaren, de acordo con a sua natureza, os servizos públicos municipais e acederen aos aproveitamentos comunais, consoante ás normas aplicáveis.

Por outra parte, a limitación de movementos, as restricións de acceso a espazos públicos, o impedimento de reunións pacíficas en lugares públicos e a proibición de actividades artísticas nas ruas, medidas que se contemplan no Acordo, son adoptadas mediante unhas denominadas "medidas operativas" de ínfimo rango normativo. Non foron accordadas en sesión plenaria nin en Xunta de Governo ainda que a restrición de direitos fundamentais non pode facer-se por medio de calquer norma, sob pena de infrinxir o principio de legalidade do art. 9 CE.

### ***Recurso de EsCULcA***

O ataque ás normas de convivéncia democrática que este acordo significa leva EsCULcA a interpor un recurso contenciosoadministrativo especial de



protección dos direitos fundamentais da persoa e a pedir a suspensión cautelar destas medidas que supoñen a todas luces unha intervención desproporcionada na liberdade de deambulación en espazos da cidade.

Alega EsCULCA no seu escrito que, de non se adoptar a medida de suspensión da execución do acto impugnado, o recurso veria-se privado, loxicamente, de sentido por carecer de efectividade algunha unha vez decorrido o período da sua implementación.

*A pretensión de suspender a vixencia do acto administrativo resulta fundamental xa que, o tratarse de medidas para un momento puntual, os seus efectos se producirán o próximo día 6 de novembro, polo que a tutela xurisdiccional que se insta non admite demora, xa que de non suspenderse os seus efectos, a vulneración dos dereitos fundamentais se tería producido sen remedio. (Alegación Terceira, 3).*

### ***Intervencións coactivas***

Nos días previos à visita do Papa católico, numerosas persoas penduraron nas xanelas das suas vivendas bandeiras da plataforma *Eu non te espero*. Muitas destas persoas recibieron visitas de axentes dos corpos policiais que nunhas ocasións pediron rexistar o interior da vivenda e noutras a retirada das bandeiras críticas con a visita do Sr. Ratzinger. Nos casos en que non estaba ninguén na casa no momento da visita, os axentes solicitaron información aos veciños sobre as persoas que moran nela. O *Movemento polos Dereitos Civis* ([www.movemento.org](http://www.movemento.org)) denunciou estas actuacións intimidatorias e afirmou ter constancia directa de tres casos nas ruas San Pedro e Salvadas e na Av. do Restollal.<sup>ii</sup>

EsCULCA, pola sua parte, ten constancia testemuñal directa de 5 intervencións policiais destas características: unha na Rua dos Loureiros (con interrogatórios ás persoas que moran nos apartamentos veciños), duas na Av. do Restollal (unha delas na vivenda de unha familia migrante que abandonou posteriormente Galiza), unha nun local comercial da Av. San Lázaro (Peixeria do Camiño), onde os axentes insistiron para que fose retirada a bandeira, e outra nunha vivenda deste mesmo bairro, onde procederon a un rexisto autorizado pola propietaria.

Un portavoz da Xefatura Superior de Polícia na Galiza afirmou que non se tiñan dado instrucións oficiais para a retirada de bandeiras e mensaxes críticas, mais introduciu de imediato unha precisión que non deixa de ser curiosa: "con a



grande presenza policial destes dias en Santiago é mui difícil para os mandos policiais coñecer se se produciron actuacións isoladas à marxe das ordes oficiais". Iii

### ***Proibición de manifestacións públicas***

O 30 de Outubro D. Xoan Xosé Pérez Lorenzo, Dna. Sandra Garrido Fernández, D. Ángel Enrique Abalde Gil e D. Vicente Vázquez Freire comunicaron á Delegación do Governo a celebración de unha manifestación en Compostela que teria lugar o dia 4 de Novembro de 2010 e partiría da Alameda para finalizar, despois de percorrer diversas ruas da cidade, na Praza do Tossal.

A manifestación foi expresamente proibida o 2 de Novembro por Resolución do Subdelegado do Governo na Coruña, D. José Manuel Pose Mesura, por incumprimento do prazo mínimo de 10 días para a obrigada comunicación á autoridade governativa. Ainda que a resolución foi recorrida de inmediato por Dna. Sandra Garrido Fernández (Recurso contencioso-administrativo de Direito de Reunión num. 1/2010) e o recurso foi admitido a trámite, a audiencia só se celebrou o dia 9 de Novembro, 5 días depois da data prevista para a celebración do acto.

A negativa de un direito fundamental por unha cuestión meramente incidental como é o prazo de comunicación (que non de solicitude de autorización) responde na nosa opinión a unha visión autoritaria dos requisitos dese direito e ao entendimento dese direito fundamental como submetido a autorización, algo que en modo algun pode ser aceitado, pensamos, nunha interpretación garantista da lei.

Aliás, a decisión de proibir expresamente a manifestación revela ao noso parecer a vontade de obstaculizar por todos os meios posíveis a celebración de actos críticos con a visita do Sr. Ratzinger, mesmo cando eses obstáculos puderan provocar un mal maior para o interese xeral do que aquel que en teoria se pretende evitar.

O forte dispositivo policial que acompañou a concentración de persoas que apesar de todo se reuniron na Alameda de Compostela o dia 4 á hora prevista e a sua actuación posterior provocou desordes que facilmente poderian ter sido evitadas.



### ***A actuación policial o dia 4 de Decembro***

Unha vez a concentración comezara xa a disolver-se, axentes da Polícia Nacional cargaron contra grupos de persoas que se dirixían ao casco histórico e agrediron varios cámaras e xornalistas.

H. B., cámara de *Galiza Contrainfo*, foi agredido por varios axentes na Praza de Galiza. Despois de lle propinaren numerosos golpes no corpo e na cámara, un dos axentes berrou-lle: "A ti te veo en todas".

Outro cámara, neste caso da TVE, recibiu así mesmo varios empurróns dos axentes. Un fotógrafo do xornal *El País* tamén recibiu o golpe de un axente. Outro xornalista, neste caso sen identificar, foi retido por varios axentes.

Por outra parte, o Bar As Dúas foi rodeado por axentes antidisturbios que proferiron insultos desde a porta contra as persoas que estaban no interior e bateron con as porras nas portas e xanelas do local. Durante algo mais de unha hora impediron a entrada e saída de persoas no local.

### ***A actuación policial o dia 6 de Decembro***

Na noite do dia 6, un individuo que circulava en compañía de amigos pola Praza Cervantes recibiu un golpe na nuca. Sen saber quen fora o autor da agresión, o agredido virou-se instintivamente ao tempo que dicia "Que fas mamon!" e nese momento viu que o agresor era un axente da policía. O axente tentou prendé-lo e isto provocou a immediata, e lóxica, reacción do grupo de amigos que o acompañava, o que permitiu o agredido escapar a correr. Un dos membros do grupo foi identificado polos axentes.

### ***Outras actuacións***

A Polícia Nacional e representantes da Conferéncia Episcopal negaron-se, alegando medidas de seguranza, a entregar a un cámara e un fotógrafo de *Galiza Contrainfo* as credenciais para a cobertura dos actos oficiais da visita do Sr. Ratzinger que previamente lles foran concedidas pola propia Conferéncia Episcopal.

I.C., redactora de *Novas da Galiza* que tramitara as solicitudes, viu como tamén as suas credenciais, que obravan xa no seu poder, eran "desactivadas" despois de ela se ter interesado polas razóns de tan grave comportamento.



Todas as persoas que quixeron entrar nas ruas bloqueadas do casco histórico o dia 6 tiveron que aceitar ser identificadas e permitir que os seus bolsos fosen rexistados. Despois foron escoltadas por axentes da policía ao lugar de destino. Nunhas manifestacións insólitas do punto de vista do Direito Internacional Público, o alcalde de Compostela chegou a afirmar que sobre unha ampla zona no contorno da catedral, incluídas as cinco prazas colindantes (Obradoiro, Quintana, Praterías, Cervantes e Inmaculada) se ía aplicar o “principio de extraterritorialidade”, de forma que pasarían a ser temporalmente “territorio vaticano”. E o certo é que, durante a xornada do 6 de Novembro, a seguranza das referidas prazas e da propia casa do Concello foi organizada por mandos policiais do Vaticano.

## ***Conclusións***

A actuación dos poderes públicos na organización e desenvolvimento da recente visita do dirixente da igrexa católica a Compostela non pode deixar de suscitar séria preocupación en asociacións como a nosa que se afanan en defender os direitos e liberdades públicas garantidos na Constitución. A integración de destacados representantes institucionais no séquito eclesiástico que viaxou ao Vaticano a formalizar a visita e a participación de outros muitos nos actos relixiosos do dia 6 de Novembro en Compostela, xestos de submisión incluídos, atenta directamente, como antes indicamos, contra o principio de neutralidade en matéria relixiosa recollido no artigo 16.3 da CE.

A opacidade con que foron tramitadas todas as adxudicacións de contratos institucionais de inserción publicitaria para anunciar a visita do Sr. Ratzinger, recorrendo ao procedimento negociado sen publicidade previsto para situacións de urxéncia (agora si de maneira por completo inxustificada), foi apenas unha expresión mais da falta de transparéncia que rodeou todo o relativo ao custo que supuxo para o erario esta visita. Opacidade que lesiona severamente o direito à información recoñecido na CE (artigo 20.1).

O clima de censura xerado polas proprias instituicións contra calquer expresión crítica propiciou que outros sectores da sociedade, nomeadamente os grandes



meios de comunicación, exercecen a censura nos seus respectivos ámbitos, como denunciou en carta de 22 de Novembro dirixida ao Delegado do Governo, D. Antón Louro, o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, facendo-se eco das numerosas "queixas postas en coñecemento deste Colexio polo intento de silenciar voces críticas coa visita papal, trabas e impedimentos á saída de publicacións, ameazas de boicot a medios que publiquen opinións discrepantes, chamamentos á censura, insultos a xornalistas ou non publicación de cartas ao director con opinións críticas".

Infelizmente, non é esta a primeira ocasión en que EsCULCA observa con preocupación o comportamento antidemocrático, e mesmo anticonstitucional, dos poderes públicos en Galiza. A participación de responsáveis institucionais en actos relixiosos, o ocultamento de información à cidadanía mediante ardides legais, a identificación imotivada de persoas na via pública e o rexisto rotineiro das suas pertences privadas, a atitude prepotente e abusiva de axentes das forzas policiais ou a proibición expresa de manifestacións ao amparo de cuestións meramente incidentais, parece ter-se convertido en norma de actuación institucionalizada.

Compostela, Decembro de 2010.

- i) Vida Nueva - 02/03/2010
- ii) La Opinión (29/10/2010)
- iii) (La opinión, 29/10/10)

[www.esculca.net](http://www.esculca.net)  
esculca@esculca.net

